

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE XULLO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ (que se incorpora á sesión no punto número 2/463 da orde do día), DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA (que se incorpora á sesión no punto número 2/463 da orde do día). Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o a Xefa da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 14 de xullo de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas de obras: para desmontaxe de fachadas dos edificios 61, 62 e 63 da praza Campo Castelo e da parede medianeira entre os edificios números 61-62; para substitución de cuberta da vivenda unifamiliar illada con licenza 714/72, sita no núcleo rural tradicional de Conturiz+San Amaro+Castro, parroquia de Santo André de Castro; para rehabilitación sen intervención na estrutura da vivenda existente, no núcleo rural tradicional de Muxa de Abaixo, parroquia de San Salvador de Muxa; para modificación da planta primeira de oficinas no edificio sito na rúa do Teatro, número 7; para reforma interior de local dedicado a cociña comedor no edificio sito na praza Santo Domingo, número 17 e para rehabilitación dos elementos comúns para o uso posterior da planta baixa para paso e comunicación entre a praza e o paseo interior da muralla romana, na praza do Cantiño, número 7.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 210710_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-7-2010

Acórdase aprobar a confirmación da resolución adoptada pola Xunta de Goberno Local pola que se denegaba a licenza solicitada para cambio de uso de planta baixa de garaxe a local comercial e desvinculación, con respecto á planta baixa, da parte frontal do entresollado, con acceso a través da escaleira da comunidade para uso administrativo e o resto vinculado á planta baixa no edificio con licenzas 637/92 e 21/96, sito na rúa Montirón, número 123.

Así mesmo, tamén se acorda a concesión das licenzas: para modificación da licenza nº 55/06, por modificacións na configuración e tamaño da parcela, adaptándose á segregación aprobada na Xunta de Goberno Local do 16 de xuño de 2010, sendo a localización da obra Camiño de Romai, número 31 e para legalización de modificacións no edificio sito na rúa Castelao, números 20-22; para cambio de uso de edificio sito na rúa do Trevo, números 2-4-6.

Do mesmo xeito, acórdase a denegación de licenza para cambio de uso de residencial a comercial na planta primeira do edificio sito na rúa Nova, número 72.

2. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto de urbanización de realización de obras de infraestrutura viaria en Lugo (convenio co Concello de Lugo): “Puente Paradai-calle Serra de Meira-avenida da Estación-plaza de Conde de Fontao”.

Tamén se acorda a aprobación inicial do proxecto de urbanización de realización de obras de infraestrutura viaria en Lugo (convenio co Concello de Lugo): “Estrada das Gándaras”.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a aprobación de bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Carpinteiro/a pertencente ó cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-1 Acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 21 de decembro de 2009 e o 20 de decembro de 2010 para a actualización do contrato administrativo

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 210710_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-7-2010

correspondente ó servizo de mantemento das aplicacións do sistema integral de xestión municipal.

Tamén se acorda a prórroga do contrato administrativo correspondente á prestación do servizo de conservación e mantemento das instalacións de iluminación pública dentro do termo municipal de Lugo polo prazo dun ano, contado dende o 12 de xullo de 2010.

Acórdase a adxudicación provisional na contratación das obras de rexeneración de firmes en Camiño do Souto.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación dun servizo de catering para a conmemoración do día internacional das persoas maiores 2010 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado 20. contratación dun plan integral de control de estorniños da cidade de Lugo e da apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a cesión á Xunta de Galicia do predio urbano municipal denominado “antigo cuartel de San Fernando”, para ser destinado a Centro de Interpretación e Museo da Romanización.

Acórdase a delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coas contratacións relativas ás festas de San Froilán 2010.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a adxudicación definitiva na contratación dun servizo público de atención ó público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais da Casa das Linguas, sitas na Estrada da Granxa e Piringalla.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 210710_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-7-2010

- Acórdase a adxudicación provisional da contratación da subministración e instalación de diverso mobiliario para a posta en funcionamento do Centro de Convivencia e Casa das Linguas sito no barrio da Piringalla, esquina rúa Angelo Colocci-rúa Lavandeira.
- Aprobese o convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Lugo.

Lugo, 21 de xullo de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García